




BIBLIOTECA DA FACULTADE DE INFORMÁTICA

Información básica. Titorial III. Fondos. Organización



Coleccións

A Biblioteca da FIC contén:


- ❑ **Fondo bibliográfico** especializado en informática, cubrindo materias como electrónica, computación, matemáticas e estatística...
- ❑ **Obras de referencia:** dicionarios de idiomas, dicionarios especializados, enciclopedias xerais e especializadas.
- ❑ **Materiais audiovisuais:** DVDs sobre as materias impartidas e tamén películas con temática relacionada coa informática e o seu ámbito.

Seccións

- ☐ **Bibliografía Xeral das diversas áreas de coñecemento impartidas na FIC**
- ☐ **Bibliografía básica recomendada polos profesores para as súas materias**
- ☐ **Obras de referencia**
- ☐ **Novidades incorporadas**
- ☐ **Revistas**
- ☐ **DVDs**
- ☐ **Biblioteca de interese cultural (BIC): guías de viaxe, narrativa...**

Localización

Unha vez atopado o documento que buscamos no **Catálogo**, encontraremos na estantería segundo a súa ***signatura*** (código alfanumérico indicado na etiqueta adherida no lombo do documento)



Na Biblioteca FIC utilizamos:

- A clasificación da ACM (Association for Computing Machinery) para os documentos relacionados co ámbito da informática (bibliografía xeral e recomendada)

<http://www.acm.org/about/class/2012>

- A clasificación da AMS (American Mathematical Society) para os documentos no marco das matemáticas

<http://www.ams.org/mathscinet/msc/msc2010.html>

- A CDU (Clasificación Decimal Universal) para obras de referencia, narrativa...

Utilizamos distintas cores segundo a sección:

Bibliografía recomendada:

D34
AHO

Informática xeral:

D4
(Lin)
RAN

Matemáticas, Física, Empresas e Contabilidade:

62M
MOL

Obras de referencia, DVDs, BIC:

BIC-INF
82-3
PAZ

DVD-INF
F
BIG
(345)

Os documentos de *Consulta en Sala* se identifican por un punto vermello


B9
OPP